

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA IMPULSAR ACCIÓNS NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL (CIF) COMO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN ACREDITADO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (SUG)

Santiago de Compostela,

COMPARECEN

Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Consellería) nomeado mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181 do 7 de setembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

D. Julio E. Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), nomeado mediante o Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro (DOG núm. 7 do 13 de xaneiro) en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que establece a súa estrutura orgánica é o departamento da Xunta de Galicia a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades. Concretamente, entre estas funcións, correspóndelle a coordinación do Sistema universitario de Galicia.



SEGUNDO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades, segundo establece o artigo 9 do citado decreto, é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanza universitaria correspondentes a esta consellería. Correspóndelle planificar a oferta de ensino universitario na Comunidade Autónoma de Galicia, en coordinación coas universidades galegas, incidindo na mellora continua do Sistema universitario de Galicia e na súa conexión e adaptación ao contorno, para dar resposta ás necesidades da sociedade actual.

TERCEIRO.- Que a Universidade da Coruña (UDC) é unha entidade que forma parte do sector público institucional, á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público de educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica de universidades.

CUARTO.- O Plan Galicia Innova 2020 en liña cos obxectivos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3), e acorde co Plan da Unión Europea Horizonte Europa e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2013-2020, (todos eles en fase de redefinición e/ou lanzamento), aspira a consolidar un modelo de crecemento inclusivo e sostible situando á I+D+i como factor clave para garantir a competitividade da economía e a capacidade da sociedade galega para responder ás transformacións globais e aos retos sociais. Concretamente unha sociedade comprometida coa innovación, capaz de adaptarse aos cambios e responder ós seus retos, que camiña cara a maiores niveis de calidade de vida a través da ciencia, a investigación e a innovación. A especialización dos campus considérase esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego e estímase que é coherente co Plan Galicia Innova 2020 en tódalas súas áreas de acción estratéxicas: Acción 1 Coñecemento excelente e transferible; Acción 2 Innovación e Emprendemento; Acción 3 Talento e Capacidades en I+D+i e Acción 4 Gobernanza, avaliación e promoción da cultura innovadora.

QUINTO.- A especialización dos campus constitúe un novo modelo de organización universitaria que xurde despois dunha fonda análise do SUG co obxecto de rexuvenecelos e facelos máis competitivos. Todo isto no marco dun programa que pretende impulsar unha dinámica de especialización dos campus do SUG nunha articulación e agregación harmonizada e complementaria das capacidades docentes e de investigación das universidades galegas arredor de temáticas –dominios de coñecemento ou retos sociais e económicos– en que estas presenten maiores fortalezas



ou oportunidades para avanzar cara a maiores niveles de calidade, ben polo prestixio acadado ou porque son un vector de desenvolvemento socioeconómico.

SEXTO.- Para avanzar na implantación desta estratexia en Galicia, a Consellería veu impulsando dende o ano 2013, de xeito pioneiro, a especialización dos campus nas universidades do SUG. Así púxose en marcha un programa de especialización que conlevou á sinatura de convenios de colaboración coas tres universidades nos que se financiaron os traballos necesarios para a elaboración dos plans estratéxicos e dos programas de necesidades funcionais dos distintos campus, tendo en conta as súas peculiaridades específicas, sendo obxectivos principais os seguintes:

- Promover a especialización e diferenciación dos campus de acordo cos principios do novo modelo de organización universitaria.
- Establecer o posicionamento e o enfoque estratéxico dos campus con respecto aos ámbitos especializados elixidos.
- Reforzar a colaboración estratéxica entre as estruturas de goberno e os axentes económicos e sociais como vía para fortalecer o papel das universidades como axentes dinamizadores do territorio.
- Facilitar a reestruturación da oferta docente de acordo cos retos sociais e as demandas do tecido produtivo nos ámbitos de especialización dos campus.
- Impulsar a creación de polos de referencia en I+D+i por medio da reorganización, agrupación e especialización das capacidades científicas.

SÉTIMO.- Na actualidade, os campus universitarios de Galicia, que contan cunha denominación que se corresponde co seu proxecto de especialización son:

UDC	Campus Industrial (Ferrol)
	Campus Innova (A Coruña)
	Campus Sustentabilidade (A Coruña)
USC	Campus Terra (Lugo)
	Campus da Cidadanía (Santiago)
UVIGO	Campus Auga (Ourense)
	Vigo Tecnolóxico (Vigo)
	Campus Crea (Pontevedra)



OITAVO.- Logo de varias anualidades colaborando no financiamento dos plans de especialización dos distintos campus, a Consellería regulou no ano 2019 o procedemento de acreditación dos mesmos, en virtude do cal, cada campus debidamente acreditado dará lugar á posibilidade de sinatura dun convenio de colaboración que contribuirá ao financiamento das actividades desenvolvidas.

O procedemento mencionado no apartado anterior estableceuse na *Orde do 10 de setembro de 2019 que regula o procedemento para a acreditación dos campus de especialización do SUG (ED442B)*, publicado no DOG núm. 177, do 18 de setembro de 2019. Trátase dun procedemento aberto que se pode iniciar en calquera momento a través da universidade do SUG á que pertenza o campus.

NOVENO.- O Campus Industrial de Ferrol (CIF) da UDC foi o primeiro que iniciou o procedemento para acreditarse como campus de especialización do SUG. Concretamente:

- Con data do 26 de xuño de 2020 a UDC presentou a solicitude e a documentación complementaria para a acreditación como campus de especialización do SUG. Atendendo ao procedemento establecido, a avaliación levouse a cabo a través dun panel de persoas expertas externas ao SUG (Comité de Avaliación), que se encargou de analizar a documentación e elaborar os informes de avaliación.
- Con data do 12 de febreiro de 2021 o Comité de Avaliación emitiu o seu Informe final de avaliación para a acreditación como campus de especialización do CIF.
- Con data do 9 de marzo de 2021 o secretario xeral de Universidades, tendo en conta o Informe final de avaliación e como órgano instrutor do procedemento, elevou ao Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade un informe-proposta, sobre a acreditación do CIF.
- Con data do 11 de marzo de 2021 o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade ditou a *Resolución do 11 de marzo de 2021 pola que se acredita o Campus Industrial de Ferrol como campus de especialización do Sistema Universitario de Galicia (SUG)*, publicada no DOG núm. 58, do 26 de marzo de 2021. Na devandita resolución establécese que a acreditación estenderase por un período de tres anos dende a data de sinatura da resolución.
- Con data do 6 de abril de 2021, tendo en conta o disposto no punto 3 da resolución, e coa finalidade de obxectivar o cumprimento das condicións da acreditación definiuse un panel de indicadores de execución e resultado nun protocolo asinado entre a Consellería e a UDC que inclúe un sistema de vixilancia e seguimento da acreditación concedida.



- Con data do 26 de xullo de 2021, a UDC, baseándose no Informe final de avaliación presenta un programa de necesidades para o CIF coa finalidade de potenciar a especialización do mesmo e que son obxecto do presente convenio.

DÉCIMO.- A especialización do CIF supón dotalo unha identidade propia, centrada en 2 focos principais: naval e oceánica e o sector industrial, que actúan a modo de núcleos centralizadores sobre os que se articulan as demais áreas de especialización do campus (Enxeñería naval e oceánica; Enxeñería industrial; Dinámica de fluídos; Intelixencia computacional, robótica e sensorización; Loxística e transporte; Enxeñería de materiais e polímeros; Enxeñería e eficiencia enerxética; e, Ciencias do traballo e xestión de coñecemento). Todo isto a través dunha especialización docente e científica que permite aproveitar as potencialidades do seu entorno facendo máis dinámica a economía, non só na comarca, senón tamén a nivel rexional, nacional e internacional.

Por conseguinte, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a UDC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas co fin de dotar ao Campus Industrial de Ferrol (CIF) dunha identidade propia, estreitamente ligada ás potencialidades económicas do seu entorno, así como unha maior visibilidade que garanta o seu futuro, tanto a nivel nacional como internacional, tendo en conta o establecido na súa resolución de acreditación.

Os obxectivos son consolidar unha maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación no Campus Industrial de Ferrol (CIF).



O orzamento será de 1.809.100,00 €, distribuídos nas anualidades 2021 e 2022, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS	2021	2022	Total	
1. INVESTIGACIÓN				
	2021	2022	Total	
1.1. Captación e retención de talento	182.500,00	257.000,00	439.500,00	
1.2. Programa de doutoramento industrial	11.000,00	62.000,00	73.000,00	
1.3. Produción científico-técnica	19.000,00	40.000,00	59.000,00	
1.4. Equipamento/ <i>software</i> especializado industria intelixent	26.000,00	226.000,00	252.000,00	
SUBTOTAL	238.500,00	585.000,00	823.500,00	
2. TRANSFERENCIA				
	2021	2022	Total	
2.1. Unidade de relación industrial	32.300,00	70.000,00	102.300,00	
2.2. Programa posta en valor I+D+i e promoción transferencia	15.000,00	20.000,00	35.000,00	
2.3. Xestión e comercialización de patentes	0,00	10.000,00	10.000,00	
SUBTOTAL	47.300,00	100.000,00	147.300,00	
3. INTERNACIONALIZACIÓN				
	2021	2022	Total	
3.1. Unidade de relación internacional	32.300,00	64.800,00	97.100,00	
3.2. Comercialización oferta docente a nivel internacional	50.000,00	84.000,00	134.000,00	
3.3. Programa mobilidade internacional do PDI	10.700,00	35.500,00	46.200,00	
SUBTOTAL	93.000,00	184.300,00	277.300,00	
4. DOCENCIA E OFERTA FORMATIVA				
	2021	2022	Total	
4.1. Plan de formación continua en industria intelixente	10.000,00	30.000,00	40.000,00	
4.2. Estudo demanda de necesidades formativas e empregabilidade	27.000,00	25.000,00	52.000,00	
4.3. Comercialización da oferta docente a nivel nacional	14.000,00	45.000,00	59.000,00	
4.4. Programa de seminarios especializados	35.000,00	50.000,00	85.000,00	
SUBTOTAL	86.000,00	150.000,00	236.000,00	
5. COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DO CIF				
	2021	2022	Total	
5.1. Estratexia de comunicación/difusión do CIF	Comunicación/difusión	27.000,00	30.000,00	57.000,00
	Plan actividades	12.000,00	20.000,00	32.000,00
SUBTOTAL	39.000,00	50.000,00	89.000,00	
6. GOBERNANZA				
	2021	2022	Total	
6.1. Oficina do Campus Industrial	50.000,00	137.000,00	187.000,00	
6.2. Gobernanza	34.000,00	15.000,00	49.000,00	
SUBTOTAL	84.000,00	152.000,00	236.000,00	
TOTAL FINAL	587.800,00	1.221.300,00	1.809.100,00	



SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración coa UDC para levar a cabo as seguintes actuacións (6) no CIF, como campus acreditado do SUG, no período 2021-2022, tal e como se detallan a continuación:

1. INVESTIGACIÓN

1. INVESTIGACIÓN			
	2021	2022	Total
1.1. Captación e retención de talento	182.500,00	257.000,00	439.500,00
1.2. Programa de doutoramento industrial	11.000,00	62.000,00	73.000,00
1.3. Produción científico-técnica	19.000,00	40.000,00	59.000,00
1.4. Equipamento/ <i>software</i> especializado industria intelixent	26.000,00	226.000,00	252.000,00
SUBTOTAL	238.500,00	585.000,00	823.500,00

1.1. Programa Talento.-Programa propio do CIF dirixido á captación e retención de talento investigador. Terá como obxectivo a contratación de persoal investigador posdoutoral con proxección e ampla traxectoria internacional. Tamén se contratará persoal investigador predoutoral con mención internacional. Levarase a cabo unha campaña de difusión para atraer talento de alto potencial nas liñas de especialización máis interesantes e que constitúen os piares da industria intelixente.

1.2. Programa de doutoramento industrial.- Programa propio do CIF para a formación de 2 doutores en empresas (formato traballador/a de empresa que fai doutorado e/ou doutorando que fai tese en empresa) mediante o cofinanciamento dos contratos laborais do persoal investigador. Duración máxima de 3 anos. Favorecerá unha maior conexión co tecido produtivo.

1.3. Produción Científico-Técnica.- Potenciarase a presentación de candidaturas de proxectos europeos en ámbitos temáticos ou sectoriais (Horizonte Europa, *Green Deal* e *Blue Growth*, entre outros)

1.4. Adquisición de equipamento e software especializado co obxectivo de fortalecer as capacidades tecnolóxicas en industria intelixente.



2. TRANSFERENCIA

2. TRANSFERENCIA			
	2021	2022	Total
2.1. Unidade de relación industrial	32.300,00	70.000,00	102.300,00
2.2. Programa posta en valor I+D+i e promoción transferencia	15.000,00	20.000,00	35.000,00
2.3. Xestión e comercialización de patentes	0,00	10.000,00	10.000,00
SUBTOTAL	47.300,00	100.000,00	147.300,00

Tratase de potenciar a conexión co tecido produtivo, centrándose nas seguintes liñas:

2.1. Unidade de relación industrial.- Contratación dun técnico de comercialización das capacidades do CIF.

2.2. Programa de posta en valor da I+D+i e promoción da transferencia

2.2.1 Misións tecnolóxicas.- Organización de misións tecnolóxicas directas e inversas con empresas e institucións para dar a coñecer as capacidades e posibilidades de colaboración en materia de I+D.

2.3 Xestión e comercialización de patentes.

2.3.1 Apoio á transferencia e comercialización das patentes ou rexistros *software*.- Porase en marcha unha oficina de relación industrial co obxectivo principal de captar recursos por medio da sinatura de convenios e contratos. Potenciarase a figura do axente comercializador de transferencia e tecnoloxía que deberá saber poñer en valor as capacidades de I+D distintivas e diferenciais do CIF, nomeadamente recollidas dentro do catálogo de capacidades as cales, ademais, van a ir enriquecéndose ao longo dos vindeiros anos. De igual xeito, vaise potenciar a organización de misións inversas con empresas e institucións ao CIF para dar coñecer as capacidades e posibilidades de colaboración en I+D e outros ámbitos. Apoiarase a xestión e comercialización de patentes, *software* ou modelos de utilidade.

3. INTERNACIONALIZACIÓN

3. INTERNACIONALIZACIÓN			
	2021	2022	Total
3.1. Unidade de relación internacional	32.300,00	64.800,00	97.100,00
3.2. Comercialización oferta docente a nivel internacional	50.000,00	84.000,00	134.000,00
3.3. Programa mobilidade internacional do PDI	10.700,00	35.500,00	46.200,00
SUBTOTAL	93.000,00	184.300,00	277.300,00



Accións tendentes a unha maior visualización do CIF fóra das nosas fronteiras. No ámbito da docencia destaca o reforzo e incremento dos títulos compartidos con outras universidades e potenciación dos títulos con docencia bilingüe, a mobilidade e internacionalización da docencia mediante prácticas docentes en empresas internacionalizadas e colaboracións con institucións universitarias estranxeiras. Igualmente, destacar o posicionamento internacional da oferta docente mediante un impulso da captación de estudantes estranxeiros. Nesta actuación vanse a coordinar as accións coa Oficina de Relacións Internacionais da UDC. No ámbito da investigación destaca o impulso da colaboración con institucións universitarias e centros de investigación estranxeiras e participación en redes, partindo das relacións xa establecidas na impartición de oferta docente e a colaboración en proxectos europeos. Nesta liña, o interese é afondar a relación establecida cos centros internacionais e identificar as liñas de traballo que permitan desenvolver proxectos de investigación en conxunto. Traballarase fundamentalmente nas seguintes liñas de actuación:

3.1. Unidade de relación internacional.- Técnico para a internacionalización do CIF a nivel docente e investigador fundamentalmente para o cumprimento dos indicadores definidos.

3.2. Comercialización oferta docente a nivel internacional.

3.3. Programa de mobilidade internacional do PDI.- Programa orientado a financiar estancias de PDI no estranxeiro, intercambios e visitas de investigadores.

4. DOCENCIA E OFERTA FORMATIVA

4. DOCENCIA E OFERTA FORMATIVA			
	2021	2022	Total
4.1. Plan de formación continua en industria intelixente	10.000,00	30.000,00	40.000,00
4.2. Estudo demanda de necesidades formativas e empregabilidade	27.000,00	25.000,00	52.000,00
4.3. Comercialización da oferta docente a nivel nacional	14.000,00	45.000,00	59.000,00
4.4. Programa de seminarios especializados	35.000,00	50.000,00	85.000,00
SUBTOTAL	86.000,00	150.000,00	236.000,00

No que se refire a actividade docente e oferta formativa o estudo da demanda de necesidades docentes e de empregabilidade é fundamental para posicionarse e continuar coa estratexia de captación de novos estudantes tanto de grao como de mestrado. Neste sentido tamén se destaca a oferta de formación continua naqueles sectores estratéxicos para a economía industrial galega (naval, metal-mecánico, moda...). Ao mesmo tempo vaise potenciar a divulgación científica e os programas de captación de estudantes no eido científico-tecnolóxico ou *STEM* (Ciencia, Tecnoloxía,



Enxeñería e Matemáticas). Trátase de deseñar e implantar, desde unha perspectiva creativa, programas de difusión do coñecemento para a sociedade en xeral e para públicos específicos en particular (alumnos de bacharelato e *STEMBach*). Daranse a coñecer as titulacións do CIF, promovendo as vocacións científicas nas áreas *STEM*, a actividade investigadora, a transferencia, realizaranse xornadas de portas abertas na canle física e dixital, reunións de grupos de investigacións, xornadas de difusión das liñas de especialización, organización de xornadas específicas e tódalas actividades conducidas a poñer en valor a oferta docente, investigadora e de internacionalización do CIF.

4.1. Plan de Formación continua en industria intelixente.- Programa dirixido a formación continua en industria intelixente no sectores estratéxicos industriais. Organizaranse seminarios e actividades formativas de diferentes niveis. Os custes asociados están vinculados á promoción dos programas en empresas dos sectores obxectivo, remuneración do profesorado e organización loxística.

4.2. Observatorio para a análise da demanda de necesidades docentes e empregabilidade dos egresados do CIF.- Actuación orientada a coñecer de forma permanente a demanda social e empresarial das titulacións e as novas demandas sectoriais para identificar nichos de oportunidade docente do CIF, tanto en novas titulacións como formación continua. Tamén se analizará a evolución da empregabilidade dos egresados do CIF.

4.3. Estratexia comercial para a captación de estudantes a nivel nacional.- Actuación orientada dunha estratexia para a comercialización da oferta docente e captación de alumnado a nivel nacional e rexional (participación en feiras, organización de eventos dirixidos a estudantes, etc.).

4.4 Oferta de seminarios especializados nos ámbitos de especialización do CIF.- Actuación dirixida a complementar os programas docentes dos graos e mestrados do CIF.

5 . COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DO CIF

5. COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN DO CIF				
		2021	2022	Total
5.1. Estratexia de comunicación/difusión do CIF	Comunicación/difusión	27.000,00	30.000,00	57.000,00
	Plan actividades	12.000,00	20.000,00	32.000,00
SUBTOTAL		39.000,00	50.000,00	89.000,00



Actuación orientada a mellorar o posicionamento comunicativo do CIF para lograr un mellor impacto das súas actuacións. Inclúe a posta en marcha dunha estratexia de comunicación e difusión integral e segmentada segundo os diferentes públicos e empregando diferentes canles: *web* e redes sociais e que permita a presenza en medios especializados. Desenvolveranse medidas comunicativas internas tanto dirixidas á comunidade do CIF como da UDC. Tamén se contempla a realización de actividades de difusión e dinamización que permita conectar mellor ao CIF co seu entorno socioeconómico máis próximo.

5.1. Estratexia de comunicación e difusión do CIF.- Deseño e posta en marcha dunha estratexia global de comunicación e difusión do CIF dirixida ao contexto rexional, nacional e internacional. Actualización da *web* e perfís en redes sociais. Presenza en medios especializados. Elaboración continua de contidos. Desenvolvemento de medidas comunicativas internas tanto dirixidas a comunidade do CIF como da UDC (boletín de novas, encontros, etc.).

5.2. Plan de actividades e difusión e dinamización.- Realización de eventos presenciais e on-line dirixidos á colectivos específicos como á Sociedade en xeral (Semana I3), de acordo coa estratexia de comunicación definida.

6. GOBERNANZA

6. GOBERNANZA			
	2021	2022	Total
6.1. Oficina do Campus Industrial	50.000,00	137.000,00	187.000,00
6.2. Gobernanza	34.000,00	15.000,00	49.000,00
	SUBTOTAL	84.000,00	152.000,00

Esta actuación contempla actuacións orientadas a reforzar ao CIF mediante unha gobernanza profesional, participativa e conectada coa sociedade. Defínense dúas actuacións: a primeira fai referencia á propia Oficina do CIF, para o financiamento do persoal da oficina fundamentalmente; a segunda das actuacións fai referencia ao apoio á gobernanza, para favorecer á participación de dinamización das diferentes estruturas de goberno do CIF.

6.1. Oficina do CIF.- A oficina incorpora o persoal de apoio para a implantación das actuacións do CIF. Nesta liña incorpórase un técnico coordinador do CIF e de apoio ao I+D, un técnico de comunicación e difusión, 1 técnico administrativo e 1 técnico de apoio en sistemas informáticos e de indicadores.

6.2. Gobernanza.- Acción orientada a financiar a participación das colaboracións nos órganos de goberno do CIF, tanto internas da UDC como externas.



TERCEIRA.- Obrigas

De acordo coa lexislación vixente, as partes comprométense:

A Consellería comprométese a colaborar no financiamento do gasto realizado pola UDC para impulsar as accións descritas neste convenio.

A UDC comprométese a desenvolver as accións descritas, a someterse a avaliación continua do desenvolvemento das accións específicas para o Campus de Especialización, así como facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a UDC non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teña pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade Autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

CUARTA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é dun millón oitocentos nove mil cen euros (1.809.100,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), que se atopa prorrogado en 2021 ao abeiro do disposto no artigo 36 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. A anualidade 2022 integrárase no novo Plan de financiamento para os anos seguintes, sempre que así o permitan as disponibilidades orzamentarias.

O reparto deste importe por anualidades é o seguinte:

	2021	2022	TOTAL
ANUALIDADES	587.800,00	1.221.300,00	1.809.100,00

Esta cantidade de 1.809.100,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; pequenas reformas; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de reunións e congresos.
- Xestión de patentes.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultoría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola Consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.



QUINTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 15 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Os pagamentos correspondentes ás nóminas e Seguridade Social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte.
- Un informe relativo o cumprimento das recomendacións emitidas polo Comité de Avaliación no informe final do proceso de avaliación, así como presentar os indicadores de execución e resultado recollidos no protocolo.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (6), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

De acordo co previsto no parágrafo primeiro do artigo 31.6 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos a conta. Os ditos pagos poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de



execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería, de tal xeito que non se lle pode exixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, un dos cales ostentará a presidencia.
- Tres membros da Universidade da Coruña.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, e promoverá, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola Consellería.

OITAVA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2021, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2022.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



NOVENA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da Consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

O procedemento de acreditación como campus de especialización esténdese ás tres universidades do SUG, potenciando a identidade propia de cada un dos seus campus a través da especialización e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento da súa actividade investigadora.

A tal fin asinaranse convenios singulares coas outras universidades do SUG que soliciten, e lles sexa outorgada segundo o procedemento establecido, a acreditación para os seus respectivos campus. Polo tanto, non é necesario promover a concorrencia competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto



das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do SUG).

Non obstante a UDC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materias vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á Consellería por medio da comisión de seguimento.

DÉCIMA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

Así mesmo, a partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1. b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.



DÉCIMO-PRIMEIRA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Julio Ernesto Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña (UDC)

